

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, pola que se dá publicidade da suspensión e da cancelación de unidades de admisión no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

O artigo 1.5 do Decreto 135/2004, do 17 de xuño, polo que se crea o Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución, establece como competencias da Dirección Xeral de Montes a xestión do Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

O artigo 5.2 do Decreto 135/2004 establece que a Dirección Xeral de Montes poderá suspender a autorización concedida aos materiais de base e proceder á cancelación da súa inscrición no rexistro.

Por último, o punto 4 do artigo 1 do Decreto 135/2004 indica que o contido do rexistro será de carácter público e difundido adecuadamente a toda a sociedade e aos axentes do sector forestal.

En consecuencia, realizados os estudos técnicos pertinentes e comprobado o cumprimento dos requisitos mínimos para a autorización dos materiais de base destinados á produción de materiais de reprodución da categoría seleccionada e controlada, conforme o disposto nos anexos III e V, respectivamente, do Real decreto 289/2003, e realizada a revisión das unidades de admisión autorizadas ata o momento e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa aplicable, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, mediante a Resolución do 30 de abril de 2021, procedeu a suspender a autorización concedida ás unidades de admisión que se recollen no anexo I da especie *Pinus pinaster* Aiton inscritas cos números 2, 6, 9, 12, 15, 23 e 203, e da especie *Quercus robur* L. inscrita co número 176 no Rexistro Galego de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución, e cancelar a súa inscrición nese rexistro.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

José Luis Chan Rodríguez
Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

CVE-DOG: qbvxbfc3-f8b8-rxr2-ov50-bm0f4ksnaxe9



ANEXO I

Nº rexistro	Especie	Lugar	Concello	Provincia	Código
2	<i>Pinus pinaster</i>	MVMC Lantaño	Portas	Pontevedra	RS-26/01a/002
6	<i>Pinus pinaster</i>	ELM Bembrive	Vigo	Pontevedra	RS-26/01a/007
9	<i>Pinus pinaster</i>	A Redonda I	Corcubión	A Coruña	RS-26/01a/010
12	<i>Pinus pinaster</i>	A Redonda II	Corcubión	A Coruña	RS-26/01a/014
15	<i>Pinus pinaster</i>	UP 33A	Entrimo	Ourense	RS-26/01a/017
23	<i>Pinus pinaster</i>	MVMC San Xoán de Lagostelle	Guitiriz	Lugo	RS-26/01b/003
176	<i>Quercus robur</i>	Rebordaos Lamas	Castroverde	Lugo	RS-41/01/27/001
203	<i>Pinus pinaster</i>	MVMC San Xosé de Ribarteme	As Neves	Pontevedra	HS-C26/36/001

